



# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 17/02/2015

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas do día dezasete de febreiro de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D. Juan Carlos Amado Sambade  
D. Juan Silva Jallas  
D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dulzura Quintáns Fidalgo  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García  
Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

### 1. Participación no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 da Deputación Provincial da Coruña.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 10 de febreiro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras o 13 de febreiro de 2015, que se transcribe literalmente:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Asunto: Participación no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña**

Vista a Circular remitida pola Deputación e recibida neste concello o 3 de decembro de 2014, con rexistro de entrada nº 9689, sobre aprobación das bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015, na sesión celebrada o 27 de novembro de 2014.

Ao Concello de Vimianzo correspóndelle un importe de 354.782,00 euros.

Vistos os proxectos redactados polos arquitectos D. Vicente Rivas Negreira, con rexistro de entrada nº 947/2015; por D. Maximino M. Aguiar Baña, con rexistro de entrada nº 878/2015, e polo enxeñeiro técnico industrial D. Martín Lema Pose, con rexistro de entrada nº 992/2015.

Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes remata o 18 de febreiro de 2015 ás 14:00 horas.

Por todo o anteriormente exposto, elevo ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte proposta:

1º) Participar no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2015" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

**A) Redución de endebedamento**

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
CAIXABANK, S.A.	960.312-052239-32	77029,65
<b>TOTAL</b>		

**B) Investimentos financeiramente sostibles**

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
REPARACIÓN E MELLORA DE FIRME, BEIRARRÚAS, CUNETAS E BORDOS NA ESTRADA MUNICIPAL ENTRE TINES E BAMIRO	140000	0	140000
TENDIDO LÍNEA DE ALIMENTACIÓN DE LA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DE BAJA TENSIÓN DE ALUMBRADO EXTERIOR DE LA ZONA PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZO	42046,18	0	42046,18
MELLORA DE TRAVESÍA NO LUGAR DA GÁNDARA	95706,17	0	95706,17
<b>TOTAL</b>	<b>277752,35</b>	<b>0</b>	<b>277752,35</b>

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos


**C) Resumo da aplicación do préstamo provincial**

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
A) Redución de endebedamento	77.029,65
B) Investimentos financeiramente sostibles	277.752,35
<b>TOTAL</b>	<b>354.782</b>

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obras.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."



# Concello de Vimianzo

O alcalde explica que é un plan que sacou a Deputación, consistente nun préstamo sen xuros, con dous anos de carencia, a devolver en dez anos, polo tanto remata no 2027. Sinala que unha das condicións é adicalo a amortizar débeda, en concreto vaise adicar a abonar cinco cotas dos préstamos da casa de cultura, polos oitocentos mil euros que o concello foi condenado a pagar á empresa Manuel Rodríguez Lema. O resto pode adicarse a investimento financeiramente sostibles. Resume que os proxectos van en tres liñas:

- Primeira, para continuar co acceso ao lugar da Gándara, cunha segunda fase, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa comunidade de montes.
- Segunda, para continuar co ensanchamento da estrada que vertebra Tines e Bamiro.
- E terceiro, para repoñer o cableado do parque empresarial, que na actualidade conta con dúas naves construídas e outras catro proxectadas.

Considera que se trata de actuacións necesarias, aínda que recoñece que obviamente cada grupo tería as súas, pero correspóndelle ao goberno facelo e leva o seu tempo elaborar os proxectos.

O Sr. Miñones Riveiro di que lle parece ben que o vinte por cen do PAI se adique a amorizar débeda. Considera que os investimentos son necesarios e coincide co goberno. Entende que o cableado do parque empresarial é importante, e a obra de Tines e Bamiro é unha petición veciñal, e coa comunidade de montes da Gándara hai un convenio asinado e ratificado no pleno.

O Sr. Soto Pérez denuncia a forma de traballar do goberno, que sempre impón as súas obras e non consulta cos outros grupos. Sinala que o ensanchamento da Gándara está quedando moi ben, grazas aos veciños que impuxeron os eus estándares de calidade, non ao goberno, que é un chapucero. Considera que os cartos destinados á obra de Tibes-Bamiro non son suficientes, e pon como exemplo que se adiquen noventa mil euros a trescentos metros na Gándara e cento corenta mil euros a varios quilómetros nestoutra obra. Considera que o concello debe reclamar a outras administracións para que melloren esta vía, pois outros concellos vanse ver beneficiados cando a colla outra administración sen aportar nada. De arranxar algún tramo, considera imprescindible o da ponte de Serramo. Reitera as peticións que ven facendo o seu grupo: o patio cuberto do colexio e outras obras que son fundamentais. Con todo, anuncia que van votar a favor. Lembra que propuxo no seu día ao alcalde facer un plan de obras cuatrienal, para non ter que estar improvisando en cada plan.

O Sr. Amado Sambade sinala que están totalmente dacordo coas obras propostas e non van entrar en debate porque sería o de sempre.

O Sr. Rodríguez Blanco considera que as obras son necesarias e algunha tiña que estar feita xa hai moito tempo. Non entende como este goberno non se preocupou antes de arranxar as deficiencias do parque empresarial, pois xa hai dúas empresas instaladas, ás que se lles denegou o enganche de auga e non hai alumeado público. Pregunta porque non se preveu un sistema antirroubo xa na primeira reposición. Recoñece que a obra da Gándara está quedando moi ben, é a mellor do goberno con moita diferenza. Agarda que o tramo Tines-Bamiro quede mellor que o tramo Tines-Treos. Protesta porque onte estivo no concello e non había ninguén que lle explicara os proxectos. Considera importante que se arranxe a ponte de Serramo, tal como dixo o concelleiro de IxV.

O alcalde sinala que as obras son necesarias, e a ponte de Quitande é algo que teñen na axenda se repiten goberno. Sinala que o que se fixo no tramo Tines-Treos é unha obra moi necesaria, un ensanchamento para no futuro darlle unha capa de rodadura. Aclara que en Treos realizouse unha senda peonil con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, obra totalmente independente da realizada con cargo ao DTC. Afirmo que este goberno caracterízase polo diálogo, co resto dos grupos e sobre todo cos veciños. Sinala que o goberno non actúa por

capricho e non se pecha diante das demandas veciñais.

No caso do parque empresarial, a primeira vez que roubaron o cable non era el alcalde, polo tanto non pode explicar porque non se puxo cun sistema de seguridade. Este goberno tiña previsto repoñer o cable cando houberse demanda por parte das empresas. O problema da auga débese a unha obra feita con deficiencias, e levan un ano requirindo á empresa para que as subsane e quedaron de vir estes días.


Sinala que o colexio de Vimianzo ten moitos anos, e o patio cuberto nunca se levou a cabo, pero este goberno ten un proxecto, que lle vai mostrar ao delegado de educación próximamente. Entende que quen debere asumir o seu financiamento é a Xunta de Galicia, e aclara que non é unha proposta que teña cabida neste plan porque é obra nova.

O alcalde sinala que lle gustaría que o clima de hoxe fora o reinante desde un principio, porque deste xeito a xente veríaos con outros osllos e tería outra imaxe da Corporación. Considera que se as propostas do goberno se aproban por unanimidade é porque son boas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, que queda elevado a acordo nos seus propios termos.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte e catro minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o dezasete de febreiro de dous mil quince.

O ALCALDE



A SECRETARIA

